

**SESIÓN: MÉRCORES 3 DE XUÑO, 2020.**

**L. GALEGA.**

**3º DE. ED. PRIMARIA**

---

Bos días nenos e nenas:

Como xa vos dixen onte, o venres celébrase o Día Mundial do Medio Ambiente, e nós seguiremos traballando distintos aspectos, para facer do noso planeta Terra un mundo mellor.

Vouvos deixar uns consellos para coidar o planeta, lédeos con moita atención:

### **Consellos para coidar o planeta**

Para aforrar electricidade, cómpre aproveitar a luz natural, usar menos o aire acondicionado e desconectar os aparellos eléctricos; para aforrar auga, hai que pechar as billas mentres cepillamos os dentes e regar á noite; para contaminar menos, debemos utilizar máis o transporte público e gastar menos gas. Ah, e non podemos esquecernos de reciclar. O planeta hánolo agradecer!



- 1. Imaxina que vas paseando polo bosque e ves que uns nenos se dedican a tirar papeis e outras cousas mentres pasean. Cres que o que fan é correcto? Que poderías facer?**

---

---

---

2. Observa os seguintes símbolos e indaga na Internet onde poden aparecer.



---

---

---

3. Relaciona no teu caderno os seguintes nomes cos símbolos anteriores:

Punto Verde

Anel ou círculo de Möbius

Símbolo Tidyman

4. Clasifica o lixo no colector axeitado:



RECYCLE!!



Plásticos e envases

Papel e cartón

Vidro

Materia orgánica